

Estar, ser e fotografar

► A pontevedresa Raquel Calviño inaugura a mostra 'Estar é ser' no Pazo da Cultura ao tempo que o chileno Luis Weinstein abre a exposición 'Esto ha sido' na galería About Art ► «Hacer la foto para guardarla en un cajón no tiene sentido. Que circule. No se sabe qué puede suceder»



Unha das fotografías de Raquel Calviño da exposición 'Estar é ser'.

BELÉN LÓPEZ
bllopez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. «Cando mercamos unha postal hoxe, ou mesmo can do revisamos guías das cidades, atopamos as mesmas imaxes, os mesmos planos e os mesmos enfoques que nos anos 70 e 80. O traballo dos novos fotógrafos lévanos a mudar a visión que temos sobre os espazos, a velos con outros ollos. É moi necesario». O comisario da exposición 'Estar é ser', Ramón Rozas, foi o encargado de abrir e pechar onte o acto inaugural da mostra da pontevedresa Raquel Calviño no Pazo da Cultura. Incluída no festival Outono Fotográfico, a exposición coincidiu na súa apertura con outra importante mostra fotográfica na cidade, a do chileno Luis Weinstein, 'Esto ha sido', que se pode ver na galería About Art. «Hacer la foto para guardarla en un cajón no tiene sentido. Una vez que está hecha, que circule. Uno nunca sabe qué puede suceder», di o autor.

'Estar é ser' forma parte da programación expositiva do Pazo da Cultura de Pontevedra, que organiza o Concello para dar inicio ao outono cultural na cidade. Este ano incluíu a mostra de pintura 'Na beira do río', que fai dialogar o traballo de dúas creadoras de diferentes xeracións, Rosa Úbeda e o de Yolanda Dorda, e a de fotografía de Raquel Calviño. «Foi un ano de traballo longo e intenso tomando fotografías», explicou a autora na inauguración de onte, na que comentou o seu interese por retratar Pontevedra dende unha perspectiva pouco convencional. «Coñecín a Raquel a través das fotos que ía compartindo nas redes sociais», comentou o comisario. «Chamá-

ronme a atención as imaxes que compartía das súas vías, especialmente a cidades portuguesas, a súa ollada diferente sobre ela. O que lle propuxen para esta exposición foi que trasladase esa ollada a Pontevedra».

TARXETAS POSTAIS. Calviño explicou que a exposición do Pazo da Cultura se completa cunha serie de tarxetas postais, «adquiridas ao longo dun ano en diferentes establecementos da cidade, unha

delas mesmo escrita», e unha montaxe cunha especie de diario de campo, composto por centos de fotos tomadas por turistas e descoñecidos á propia Calviño mentres realizaba a serie que agora expón.

«O proxecto rematará cando, ao finalizar a exposición, enviemos algunas das fotos da mostra, por correo, a direccións escollidas ao azar de Pontevedra. Exactamente igual que se fosen postais», avanzou a autora.

«Levamos cinco anos ofrecéndolle este espazo a fotógrafos para que teñan a oportunidade de intervir nel como lles apeteza», contou Ramón Rozas. «A ollada de Raquel sobre Pontevedra confírmanso que esta é unha cidade con moitas posibilidades como motivo fotográfico».

A presenza do ser humano e a súa relación co espazo son dúas cuestións centrais da exposición de Raquel Calviño. Tamén o son da de Luis Weinstein. O fotógrafo chileno, produtor executivo do Festival Internacional de Fotografía de Valparaíso, produtor de exposicións de Robert Doisneau, Henri Cartier-Bresson e Robert Capa, entre outros, no seu país e impulsor do proxecto editorial Sueño de la Razón, estivo esta semana en Pontevedra, convidado pola galería About Art e pola Universidade de Vigo, para impartir un obradoiro, unha conferencia e inaugurar a mostra 'Esto ha sido'.

MEMORIA. O traballo que Weinstein trouxo a Pontevedra está moi relacionado coa memoria recente de Chile. «Es un trabajo que sale de la revisión del archivo», explicou durante a inauguración. «¿Cómo recirculo esto que he hecho estos años? Uno descubre que la distancia conlleva desapego y empieza a pensar: ¿para qué hago esto?». Baixo o seu punto de vista, o do fotógrafo non é finalmente un traballo individual porque para que unha obra permaneza vese involucrada outra moita xente. «En realidad, algo tan individual como disparar una cámara no lo es tanto. Porque la imagen se va encontrando a muchos por el ca-



Unha das instantáneas de Luis Weinstein.

Escenarios Sobre Pontevedra e sobre Chile

Pontevedra e Chile son os eixes das exposicións que se poden visitar dende onte na cidade.

'Estar é ser'

Autora: Raquel Calviño (Pontevedra, 1969). **Data de clausura:** 20 de novembro. Enmarcada no Outono Fotográfico. **Contido:** unha serie de fotos de distinto formato a través das que se propón unha reflexión sobre o xeito de ollar a cidade. Unha frase: «Detrás dos momentos más insignificantes pode haber maxia».

'Esto ha sido'

Autor: Luis Weinstein (Santiago de Chile, 1957). **Data de clausura:** 19 de novembro. **Contido:** Baseada nun libro de fotos que trata de retratar un día baixo a ditadura de Pinochet na década de 1980. Unha frase: «Esta es la evocación de una época desde los códigos de lectura actuales».

mimo. Somos más parecidos a un director de orquesta».

A mostra que se pode ver en About Art naceu dun encontro entre a galerista María Díaz e o autor hai case un ano nunha feira de París. «Cuando supimos que finalmente iba a venir desde Chile con sus fotos, supimos que teníamos que aprovechar la ocasión y exprimirle un poco más», explicou a galerista. «En este sentido, contar con la colaboración de la Universidad de Vigo ha sido fundamental».

A presenza de Weinstein en Pontevedra remataba onte coa inauguración dunha mostra composta por unha serie de imaxes que retratan o Chile da década dos 80. «Yo hago fotografía de calle», dixo onte. «Uno va clasificando su trabajo y en algún momento organiza todo eso. El resultado, lo que traigo aquí, es una especie de diario de época, un documento».

Segundo explicou Weinstein, el identifica as súas imaxes co que habitualmente está fóra de foco, a cotidianidade dun país durante o réxime militar. «Son como la parte de atrás de las noticias, lo no visto, la imagen de lo cotidiano durante el régimen militar». Entre as súas estampas, todas en branco e negro, mulleres e cativos pintando un mural no que se pode ler 'El Pueblo'; un militar nun parque ao carón dunha árbore na que hai pegada unha foto do Papaá Xoán Pablo II, ou dous raparigas baixo a chuvia vendendo exemplares do xornal 'La Segunda' co titular 'Diario de los Guerrilleros'.

SABER MÁIS:

Imaxes das inauguracións do Pazo da Cultura e de About Art: **Gente a Diario** (página 70)